

UGT XA ADVERTIU NO 2018 DA NEFASTA XESTIÓN DE SARGADELOS SE CONTINUABA EN MANS DA ACTUAL DIRECCIÓN

Ningún empresario pode estar por enriba da Lei e poñer en risco a saúde e seguridade dos seus traballadores e traballadoras

Redacción.- Por desgraza, esta semana asistimos ao anuncio por parte do administrador único de Sargadelos, Segismundo García, do seu peche. UGT observa isto sen sorpresa algunha, xa que no 2018 advertiu da nefasta xestión se continuaba ao fronte da fábrica da Mariña a actual dirección e se continuaba coa súa “particular” toma de decisións e xeito de facelas cousas. A UGT-Galicia preocupábase, sobre todo, naquel momento a xestión dos recursos humanos e as dificultades por parte dos traballadores e traballadoras para facer valer os seus dereitos.



Hai que lembrar que no 2018 UGT viuse obrigada a poñer en marcha unha campaña contra a persecución sindical en Sargadelos, campaña que culminou cunha gran manifestación o 23 de novembro de 2018 que percorreu as rúas de Cervo ata a fábrica. Xa naquel entón denunciábase ante os medios de comunicación que “Hoxe Sargadelos está en mans dun empresario que impón dúbidas prácticas laborais e actúa baixo criterios e con actitudes afastadas de calquera principio laboral dunha sociedade democrática”.

A Lei está para cumprila

Hoxe a realidade dános a razón, o administrador anuncia o peche amparándose en que a Inspección imponse unha multa e requírelle a corrección dunha serie de eivas que rexistra a factoría. UGT lémbra-lle que a Lei está aí para cumprila e que resulta desprezable antepoñer supos-

tos intereses empresariais por enriba dos dereitos laborais e da propia saúde e seguridade dos 200 traballadores e traballadoras cos que conta a factoría.

Tamén é este o momento de recordar como por aquel entón a delegada de UGT Rogelia Mariña foi vítima destas políticas empresariais. E, finalmente, a Xustiza deulle a razón cunha sentenza na que se recoñecía que Mariña estaba a ser vítima de persecución sindical e vulneración dos seus dereitos fundamentais. Cando a compañeira o único que fixo foi adicar a súa vida sindical á defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras de Sargadelos.

A UGT preocúpalle que isto remate coa perda dunha empresa emblemática para toda Galicia e a perda duns 200 empregos nunha comarca que xa leva anos castigada en materia de emprego e tecido industrial.

Por outra banda, UGT insta á Xunta a que, como Administración que ten as competencias en política industrial, se implique nesta situación porque o peche de Sargadelos pode significar a perda de moitos postos de traballo, tanto directos como indirectos, un duro golpe para A Mariña e tamén pode supoñer a perda dunha das empresas máis emblemáticas de Galicia cunha vertente cultural tamén moi importante, arroupada no seu momento pola figura do propio Isaac Díaz Pardo.

Finalmente, UGT-Galicia agarda que este anuncio sexa só unha bravuconada máis do administrador, ás que, desgraciadamente, xa nos ten acostumados, como á propia xudicatura, que xa se viu obrigada a emitir sentenzas en contra, e que agora lle toca padecer á Inspección de Traballo tan só por cumprir coas súas obrigas e o seu fin, a protección dos dereitos e da saúde e seguridade dos traballadores e traballadoras.

MANTENSE A CREACIÓN DE EMPREGO DE CALIDADE A PESAR DO CONTEXTO DE INCERTEZA

Abordar desequilibrios estruturais como a reforma do despedimento, a redución da xornada laboral, o desemprego ou os baixos salarios é esencial para seguir a senda de crecemento

Redacción.- Os datos de afiliación á Seguridade Social e de paro rexistrado de marzo, publicados este mércores reportan bos resultados no que á creación de emprego refírese, mesmo a pesar de que este ano a semana santa aínda non tivo lugar. Así, contabilízase un incremento do número de afiliados á Seguridade Social e unha baixada do desemprego, reforzando a tendencia positiva do mercado laboral.

Nesta ocasión, o aumento mensual de afiliación cifrase en 7.448 persoas, co que o total de persoas ocupadas afiliadas á Seguridade Social sitúase en 1.079.396. Se o comparamos con marzo de 2024 hai 17.801 persoas máis afiliadas, un 1,68%, polo que o ritmo de creación de emprego mantense relativamente estable.

O paro rexistrado reduciuse en 1.822 persoas con respecto ao mes anterior, alcanzando un total de 119.155, sendo o dato máis baixo para un mes de marzo desde 1996. Ademais, con respecto ao mesmo mes do ano anterior, o paro reduciuse en 9.856 persoas.

Pola súa banda, a taxa de temporalidade da afiliación en marzo foi do 14,1%, 0,15 puntos menos que hai un ano e 13,24 puntos menos que a rexistrada en marzo de 2021, antes da reforma laboral, polo que se segue avanzando en termos de estabilidade e calidade do emprego.

No que respecta á contratación, marzo rexistrou un volume superior ao do mesmo mes do ano pasado. Así, neste terceiro mes asináronse un total de 52.068 contratos, un 14,9% máis que en marzo de 2024. Son 9.936 menos que en marzo de 2021, antes da reforma. Deles, 17.574 son indefinidos, o que implica que o 33,75% da contratación é indefinida, mentres que antes da reforma este valor roldaba o 14% dos contratos.

Con todo, os datos expostos mostran a fortaleza do noso mercado de traballo, que segue xerando emprego de calidade a bo ritmo a pesar da incerteza que rodea a economía mundial, marcada polas negociacións en torno ao final da guerra en Ucraína e a carreira arancelaria con EEUU, que pode afectar á actividade de determinados sectores produtivos. Independentemente diso, o noso mercado laboral segue arrastrando algúns desequilibrios estruturais e áreas de mellora para gañar en eficiencia e dereitos para a poboación traballadora.

Seguir mellorando a situación do



mercado laboral

En UGT consideramos que é o momento de dar un novo impulso á calidade do emprego e á distribución xusta da riqueza que xera a nosa economía. A evolución dos principais indicadores económicos, o aumento sostido da produtividade nas últimas décadas, o cambio estrutural nos sistemas de produción e, sobre todo, o incremento continuado das marxes empresariais, constatan que España ten agora a oportunidade e a responsabilidade de dar un paso decisivo: reducir a xornada laboral a 37,5 horas semanais sen diminución salarial.

Non falamos só dunha aspiración sindical, falamos dunha necesidade social e de xustiza económica. É imprescindible que esta medida adóptese por lei, para que ningún quede atrás e todas as persoas traballadoras, independentemente do seu sector ou empresa, poidan beneficiarse dunha transformación longamente reclamada. A redución da xornada laboral contribuirá, ademais, a repartir mellor o tempo e a riqueza, favorecendo a conciliación, a saúde laboral e a creación de emprego de calidade.

Ao mesmo tempo, é hora de que España cumpra cos seus compromisos internacionais e constitucionais en materia de dereitos laborais. Un ano despois de que o Comité Europeo de Dereitos Sociais (CEDS) dese a razón a UGT e concluíse que a lexislación española sobre despedimento vulnera a Carta Social Europea, seguimos esperando que o Goberno adapte o noso marco normativo aos estándares europeos. A Carta, a Constitución española e o propio ditame do Consello de Estado do 8 de xullo de 2021 son claros: as decisións

do CEDS son vinculantes e deben cumprirse.

Por iso, é urxente reformar a normativa sobre despedimento para que as indemnizacións recuperen a súa función disuasoria e reparadora, tal e como esixe a Carta Social Europea, e para reinstaurar os salarios de tramitación, eliminados na reforma laboral de 2012. Esta reforma debe garantir tamén que nin os mozos nin as mulleres volvan ser discriminados con indemnizacións menores, consecuencia da precariedade estrutural que sofren no mercado de traballo.

En paralelo, debemos reforzar as políticas activas de emprego, orientándoas de maneira personalizada para mellorar a empregabilidade das persoas en desemprego, combatendo especialmente o paro de longa duración e facilitando a inserción dos colectivos máis vulnerables.

En definitiva, a senda de crecemento económico que vive o noso país debe traducirse, dunha vez por todas, nunha repartición equitativa da riqueza e no fortalecemento dos dereitos laborais. A redución da xornada laboral e a reforma do despedimento non son só demandas sindicais: son esixencias democráticas, sociais e europeas que non poden esperar máis.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fan públicos, en Galicia o desemprego caeu en 1.822 persoas con respecto ao mes anterior (1,51%), e no Estado esta cifra tamén baixou, un 0,51%, dun xeito menos incisivo que en Galicia. No ano tamén se rexistrou

unha contracción do desemprego, baixando en 9.856 persoas, un 7,64% menos. Así, o número total de desempregados sitúase en 119.155 persoas, mínimo histórico nun mes de marzo en Galicia dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego tamén baixou, neste caso, nun 0,76%, e no ano a diminución foi dun 4,07%.

Por sexos, no mes o desemprego baixa en ambos, un 1,62% entre os homes e no caso das mulleres nun 1,42%. No ano baixou o desemprego tamén en ambos casos, o 8,37% entre os homes e o 7,10% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 57,97% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 69.070 mulleres, fronte a 50.085 homes.

En canto aos sectores, o desemprego no mes baixa en todos, excepto no colectivo de sen emprego anterior. Así, baixa na agricultura e gandería, nun 2,56%; na industria, nun 2,24%; nun 2,49% na construción; en servizos, nun 1,54%. Pola contra, sube entre o colectivo de sen emprego anterior, nun 0,54%. No ano baixa en todos. Así, diminúe un 13,72% no primario; o 12,82% na industria; o 13,74% na construción; o 6,71% no sector servizos; e o 2,53% entre o colectivo de sen emprego anterior.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 33,75%. Realizáronse en marzo un total de 52.068 contratos en Galicia. Antes da reforma laboral, no mes de marzo de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 14,9%.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción,

do 70,2%, e no primario, do 61,3%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 32,7%; e na industria, do 22,9%.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 72,1%, con 79.132 persoas beneficiarias. Deste total, 33.315 perciben subsidios e 2.666 a Renda Activa de Inserción. O número de prestacións contributivas foi de 43.151. Aída así, a cifra de persoas que dependen de prestacións non contributivas segue a ser elevada, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.079.396 de media mensual, crescendo un 0,69% no mes e aumentando un 1,68% no ano.

ÁNGEL TOMÉ, REELIXIDO SECRETARIO XERAL DE UGT LUGO LEMOS COSTA

Redacción.- Os delegados e delegadas do 3º Congreso de UGT Lugo Lemos Costa, que se celebrou o 3 de abril en Lugo, elixiron á nova Comisión Executiva desta Comarca encabezada polo seu secretario xeral, Ángel Tomé. Unha Executiva integrada por 7 membros.

Así, a nova Comisión Executiva está formada por Ángel Tomé, como secretario xeral; vicesecretaria xeral de Dereitos Sociais, Josefa Díaz; secretario de Organización e Administración, Carlos Reija; secretaria de Igualdade, Isabel Gontá; secretario de Política Institucional, Sergio Castañeira; secretario de Saúde Laboral, José Rubinos; e secretaria executiva, Gloria Folgueira.

No acto de apertura do congreso interviñeron, entre outros, Aser Sanz, secretario de Organización de UGT-Galicia, que se dirixiu aos delegados e delegadas afirmando que UGT debe sentirse, como organización, orgullosa polo traballo desenvolvido, sobre todo, nos difíciles momentos que se viviron, con diversas crises, e que, grazas á insistencia e traballo en materia de diálogo social, artelláronse unha serie de medidas, unha rede social compacta, que axudou a que as consecuencias das crises sobre a clase traballadora e o tecido produtivo non fosen tan graves. O que demostrou que onde hai sindicatos hai máis xustiza.

Apostou por seguir traballando nesta liña e en facer máis e mellor sindicato, traballando por mellorar as cifras da afiliación e os resultados nas eleccións sindicais. E mellorar o sindicato significa ser máis áxiles,



operativos, chegar máis e mellor á xente.

Nesta mesma liña, no acto de clausura tomou a palabra o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, que afirmou que é o momento de dar un paso xigante e seguir construíndo un sindicato máis forte, máis unido e, sobre todo, máis próximo á xente. UGT ten que ser a voz dos traballadores e traballadoras de toda España, de Galicia e de Lugo. Pero, para logralo, necesitamos medrar, sumar a máis persoas, máis mozos, máis diversidade e, sobre todo, máis representación.

Indicou que o que defendemos está claro: queremos unha sociedade onde a riqueza que xeramos entre todos e todas chegue a quen realmente o necesita. UGT está aquí para loitar polos dereitos laborais, pero tamén para apostar por un futuro máis xusto e máis verde, onde todos teñamos as mesmas oportunidades, sen importar de onde vivimos. UGT non é só un sindicato, é un movemento que vai máis aló dos dereitos laborais, é un movemento por un futuro

mellor para todos e todas, concluíu.

Xa, para rematar, o recién reelixido secretario xeral, Ángel Tomé, destacou a importancia deste Congreso, xa que UGT é a primeira forza sindical na provincia de Lugo, e avogou por seguir traballando na mellora da representación e afiliación, así como en chegar máis e mellor aos traballadores.

Alertou sobre o actual contexto, co tereiro que están a gañar as forzas de ultradereita, o que pode facer retroceder en dereitos, sobre todo, no eido social e laboral. Tamén tivo unhas palabras para o administrador de Sargadelos e as súas formas de actuar, sempre baixo a ameaza, cando non lle saen as cousas como el quere, e apuntou que estas non son formas de acometer a xestión dunha empresa da que dependen centos de traballadores e de traballadoras e as súas familias. Ademais, estamos a falar dunha empresa emblemática con notables connotacións culturais e artísticas para Galicia que merece outra forma de xestión.

UGT APOIA AS MOBILIZACIÓNS POLO DEREITO Á VIVENDA DESTE SÁBADO E CHAMA Á PARTICIPACIÓN NAS CONVOCADAS EN GALICIA

Redacción.- UGT amosa o seu apoio ás mobilizacións polo dereito á vivenda que terán lugar o próximo 5 de abril en diferentes cidades do país, a través dun manifesto no que o Sindicato reclama que se garanta o dereito constitucional a unha vivenda digna, adecuada e sostible fronte á especulación. UGT argumenta que «a gravidade do problema e a insuficiencia das medidas adoptadas polos poderes públicos para facilitar o exercicio dun dereito fundamental obríganos a situar o dereito á vivenda como unha absoluta prioridade».

Ao seu xuízo, a clase traballadora é a que máis está a sufrir esta situación, co consecuente lastre para a vida presente e futura de moita xente. Para UGT, «as políticas de vivenda aplicadas durante décadas, con variantes en intensidade e tempo distintas, pero un fío condutor común, son directamente corresponsables de que millóns de persoas non poidan acceder a unha vivenda digna, así como do empobrecemento da clase traballadora, que debe destinar gran parte do seu salario ao pago de alugueiros e hipotecas a prezos desmedidos».

UGT sinala como un dos principais problemas os incumprimentos na aplicación da lei polo dereito á vivenda en moitas comunidades autónomas, o que impediu poñer en marcha as medidas contidas na norma. Segundo UGT, «é urxente facer cumprir a lei polo dereito á vivenda ampliando a competencia de de-

claración de zona tensionada ás entidades locais, no caso de que as comunidades non queiran facelo, e condicionando o financiamento do Estado en materia de vivenda ao cumprimento da lei».

Ademais de sinalar as causas que propiciaron esta grave crise no acceso á vivenda, ambos os sindicatos precisaron tamén que medidas deberían poñerse en marcha para comezar a solucionar esta situación. Respecto diso, cualificaron de «imprescindible» a limitación do prezo do alugueiro nas zonas tensionadas, ademais de regular e limitar novos fenómenos vinculados a formas de arrendamento temporal que contribuíron a elevar os prezos do alugueiro -como o alugueiro turístico, de tempada e habitacional-. No caso do alugueiro de tempada e habitacional, insisten, «regulando o seu uso para evitar que se convertan na fórmula usada polos propietarios para eludir a lei».

E, en canto ás dificultades de acceso á vivenda en propiedade, desde UGT subliñan a necesidade de «transformar o mercado hipotecario e ir cara a un modelo que garanta e facilite o acceso ao financiamento hipotecario ás persoas traballadoras que desexen comprar unha vi-

venta en condicións sostibles».

O manifesto finaliza remarcando a transcendencia da situación actual e que «require a adopción de medidas determinantes e eficaces, tanto no curto como no longo prazo, como a necesaria intervención do mercado do alugueiro; a creación dun gran parque de vivenda pública en alugueiro social e a prezos alcanzables con carácter permanente; mobilizar, adquirir e rehabilitar vivenda privada do stock de vivendas baleiras existente nas zonas tensionadas para a súa posta en alugueiro a prezos alcanzables, con garantías xurídicas e de pago aos propietarios desde as administracións; desincentivar fiscalmente o uso da vivenda como negocio; e que o esforzo dos fogares para alugar ou comprar unha vivenda non exceda o 30% dos ingresos».

As mobilizacións convocadas en Galicia

A Coruña: manifestación a partir das 12.00 horas dende a Praza de Ourense

Santiago: concentración a partir das 12.00 horas no Toural

Ourense: 18.30 sede do IGVS (Rúa Sáenz Díez)

Vigo: manifestación a partir das 19.00 horas dende a Praza de España

UGT-GALICIA CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A MANIFESTARSE O DOMINGO EN SANTIAGO POR “MÁIS ATENCIÓN PRIMARIA, MÁIS ATENCIÓN HOSPITALARIA, MÁIS SANIDADE PÚBLICA”

Redacción.- UGT-Galicia chama á cidadanía galega a manifestarse o vindeiro día 6 en Santiago por “Máis atención primaria, máis atención hospitalaria, máis sanidade pública”. A manifestación, convocada por SOS Sanidade Pública, plataforma da que UGT forma parte, sairá ás 12.00 horas da Alameda compostelana.

Ur xen centros de saúde e PAC dotados de persoal suficiente en todas as categorías e ben equipados. Todo para garantir unha atención, como moito, en 48 horas tras a petición do doente.

Nos hospitais, un uso dos recursos mañá e tarde; recuperar os recortes dos comarcais; restitución ao sistema público dos centros privatizados; plans para reducir listas de espera; reforzar as unidades de saúde mental tanto de adultos como infanto-xuvenil; acabar coa precariedade laboral do persoal; e esixencia da dedicación exclusiva ao persoal médico. Fai falta máis sanidade pública, o que pasa por incrementar o orzamento e elaborar un Plan de Saúde Galego que adapte os recursos ás necesidades.



OS TRABALLADORES DE REPSOL CORUÑA MOBILÍZANSE PARA DENUNCIAR A PROLONGACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS

Redacción.- Os traballadores e traballadoras de Repsol Coruña concentráronse o pasado xoves ás portas da refinería en resposta ás prolongacións de xornada laboral que está a impoñer a empresa dende hai meses. Isto está afectando gravemente á conciliación da vida persoal e xerando cadros de ansiedade e estrés entre os traballadores e traballadoras.

O Comité de empresa considera que Repsol, unha multinacional que debería fomentar o emprego de calidade, non se adaptou ás novas regulamentacións en materia de licenzas e permisos e carece da estrutura necesaria dos cadros de persoal para afrontar os novos retos. Isto leva a longas xornadas para conseguir manter as plantas operativas e cos axeitados niveis de seguridade e mantemento.

Por todo isto, os traballadores e traballadoras de Repsol Coruña esixen un emprego de calidade, conciliación da vida la-



boral e persoal e denuncian que, basta xa de xornadas interminables, basta xa de estrés e ansiedade, basta de condicións laborais que non respectan a saúde e benestar.

Finalmente, apuntaron que os datos que se extraen do rexistro horario de 2024 son alarmantes e que no que vai de 2025 as cousas non melloran en nada.

UGT PIDE AO GOBERNO SOLUCIÓN PARA AS PERSOAS SOLICITANTES DE ASILO QUE PODEN PERDER A HABILITACIÓN PARA TRABALLAR CO NOVO REGULAMENTO DE ESTRANXEIRÍA

O sindicato urxe ao Goberno para reconsiderar os requisitos do proceso de regularización para as persoas solicitantes de protección internacional que comezará o 20 de maio. Pode afectar e deixar sen a posibilidade legal de traballar e en situación de extrema vulnerabilidade a decenas de miles de persoas.

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) considera que os requisitos da Disposición transitoria quinta do regulamento que entrará en vigor o 20 de maio son tan estritos que só permitirán o acceso a un número moi limitado de persoas solicitantes de protección internacional e van deixar nunha situación de irregularidade legal para traballar a moitas persoas. Queremos destacar que esta disposición transitoria quinta do regulamento nunca foi informada nin posta a consulta dos interlocutores sociais.

A petición de asilo dá autorización para traballar, feito que é utilizado por moitas persoas migrantes de países con conflitos internos. Co actual regulamento, se a solicitude é denegatoria, o período traballado conta para unha futura solicitude de arraigamento.

No novo regulamento, se a solicitude é denegatoria, o tempo pasado desde a solicitude non vai contar para o arraigamento, empezando a contar os dous anos necesarios desde o día da denegación. O novo regulamento impide, ademais, explicita-

mente, a desistencia da solicitude de asilo.

Por outra banda, o establecemento, no novo regulamento, dun período extenso de seis meses de situación administrativa irregular para iniciar a regularización para as persoas que tivesen unha denegación do asilo antes da entrada en vigor do novo regulamento romperá relacións laborais iniciadas e consolidadas no mercado de traballo.

Queremos facer notar que, dado que se trata dun proceso extraordinario taxado a un grupo de poboación concreto, debería, por unha banda, permitir o acceso daquelas persoas que desistan das súas solicitudes de protección internacional e, por outra, ser o menos lesivo para quen está traballando regularmente.

Esta petición fíxose chegar reiteradamente ao Goberno en cada unha das reunións da Comisión Laboral Tripartita da Inmigración desde que UGT tivo coñecemento do borrador do proxecto de



regulamento o pasado mes de decembro, que inclúe a disposición transitoria quinta que non coñecemos os interlocutores sociais. O Goberno debe atopar unha solución, pero as datas da entrada en vigor do regulamento son cada vez máis curtas.

Desde UGT reiteramos o noso firme compromiso coa defensa dos dereitos das persoas solicitantes de asilo e facemos un chamamento ao Goberno para que actúe con responsabilidade e sensibilidade, garantindo a protección e o dereito ao traballo de quen buscou refuxio no noso país. A dignidade e os dereitos humanos de todas as persoas deben prevalecer sobre calquera consideración administrativa.

UGT VALORA A ENTRADA EN VIGOR DAS NOVAS MODALIDADES DE XUBILACIÓN

O sindicato celebra os acordos alcanzados no seno do diálogo social, do pasado mes de xullo

Redacción.- A secretaria executiva de UGT, Cristina Estévez, valorou a entrada en vigor das modalidades de xubilación que estaban pendentes, froito do acordo de diálogo social do 31 de xullo de 2024. Unhas modalidades que o 1 de abril activáronse e que contemplan a xubilación parcial diferida e a xubilación parcial anticipada con contrato de substitución.

Estévez explicou que “o real decreto-lei 11/2024, do 23 de decembro, para a mellora da compatibilidade da pensión de xubilación e traballo, posibilita que as persoas traballadoras, en atención ás súas circunstancias persoais decidan cal é o momento e a forma da súa saída do mercado labo-

ral, sempre desde unha perspectiva persoal e voluntaria”. Para Cristina Estévez, trátase dun paso moi importante, e permitirá que aquelas persoas que así o desexen, porque tanto a súa actividade laboral como a súa condición física e/o intelectual permítalo, poiden seguir activas.

A secretaria executiva de UGT lembrou que “para elas a xubilación activa, esa que combina pensión de xubilación e traballo, é unha verdadeira posibilidade para seguir desenvolvéndose e mellorar as súas prestacións. Ademais, permitíndose agora a compatibilidade coa xubilación demorada, que permite ao traballador atrasar a súa idade de xubi-

lación”.

UGT considera que, no mercado laboral, non todas as persoas van poder seguir activas despois de alcanzar a idade ordinaria de xubilación, debido a que a súa “actividade laboral, especialmente penosa ou perigosa, fan inviable alcanzar esa idade”. Estévez explicou que, por iso, “nesta reforma incluimos os procedementos necesarios para baixar esa idade ordinaria de xubilación sen recortes nas súas prestacións. Son os denominados coeficientes redutores da idade de xubilación por razón de actividade. O regulamento que o desenvolve verá a luz nas próximas semanas”.

UGT VALORA DE MANEIRA POSITIVA O INFORME PUBLICADO POLA AIReF

O informe da AIReF confirma que imos na boa dirección: o sistema público de pensións é sostible e cumpre cos obxectivos acordados

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) valora de maneira positiva o informe publicado pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF), que acredita que as reformas e medidas adoptadas en materia de pensións están a dar resultados e que o sistema público de pensións en España é sostible.

Este informe confirma que se están cumprindo os parámetros establecidos nos sucesivos acordos sociais e lexislativos que guiaron a reforma das pensións na última década. Segundo os datos da AIReF, o gasto medio bruto en pensións entre 2022 e 2050 situarase no 14,6% do PIB, por baixo do límite do 15% acordado coa Comisión Europea, e o gasto neto de medidas de ingresos alcanzará o 13,2%, cumprindo así o limiar fixado na normativa vixente.

A propia AIReF recoñece que, a día de hoxe, non son necesarias medidas adicionais para garantir a sustentabilidade financeira do sistema, constatando que as reformas impulsadas no marco do diálogo social —como o Mecanismo de Equidade Interxeracional, a evolución das bases máximas de cotización, a cotización adicional de solidariedade e a reforma do réxime de autónomos, entre outras— achegan un incremento de ingresos equivalente ao 1,4% do PIB no período 2022-2050.

Estes datos demostran a solidez do modelo de concertación social que UGT defendeu e promoveu durante máis de tres décadas. Fronte a quen cuestiona permanentemente a viabilidade do sistema, este informe certifica que as medidas adoptadas foron eficaces e que o compromiso dos interlocutores sociais, xunto cos acordos alcanzados no Pacto de Toledo, garanten a sustentabilidade financeira e social das pensións.

UGT quere destacar que o procedemento de revisión periódica, que combina a avaliación técnica de organismos como a AIReF co compromiso político e social dos acordos parlamentarios e a negociación colectiva, é un modelo de responsabilidade que ofrece certezas e seguridade aos pensionistas de hoxe e do futuro.

O sistema público de pensións é viable, suficiente e sostible. Así o avalan os datos,



as reformas acordadas e os informes oficiais. O sindicato seguirá traballando para defender este pilar fundamental do noso Estado de Benestar.

Resumo do Informe da AIReF sobre a sustentabilidade do sistema público de pensións

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF) publicou o 31 de marzo de 2025 o seu informe de avaliación sobre a sustentabilidade financeira do sistema público de pensións, en cumprimento do establecido na Real Decreto-lei 2/2023.

Principais conclusións:

Cumprimento dos parámetros de sustentabilidade: a AIReF constata que o gasto neto en pensións situarase no 13,2% do PIB de media entre 2022 e 2050, unha décima por baixo do límite fixado do 13,3%. Isto significa que non é necesario adoptar medidas adicionais neste momento.

Impacto das medidas de ingresos: a AIReF estima que as medidas adoptadas para reforzar os ingresos do sistema achegarán un 1,4% do PIB adicional no período 2022-2050. Estas medidas inclúen o Mecanismo de Equidade Interxeracional (MEI), a evolución das bases máximas de cotización, a cotización de solidariedade, a reforma das cotizacións dos autónomos e as transferencias do Estado, así como o impacto da reforma laboral e do incremento do Salario Mí-

nimo Interprofesional.

Previsión de gasto en pensións: o gasto medio bruto público en pensións situarase no 14,6% do PIB no período 2022-2050, por baixo do 15% que se fixou como límite máximo.

Revisión á alza do PIB: a mellora dos datos macroeconómicos, especialmente a revisión á alza do nivel de PIB, contribuíu decisivamente a situar o gasto en pensións dentro dos parámetros de sustentabilidade.

Recoñecemento do esforzo reformista: o informe pon en valor as reformas impulsadas desde 2020 para reforzar a sustentabilidade financeira do sistema, que foron froito do diálogo social e do consenso parlamentario.

Valoracións adicionais: a AIReF matiza que a regra de gasto utilizada para a

avaliación ten limitacións metodolóxicas e non substitúe unha análise integral da sustentabilidade a longo prazo. Con todo, os resultados do informe acreditan que as medidas adoptadas ata a data permitiron cumprir os compromisos asumidos e garanten a viabilidade financeira do sistema.

UGT quere destacar que o informe da AIReF ratifica que as reformas que impulsamos xunto ao Goberno e os interlocutores sociais funcionaron. O sistema público de pensións é sostible, garante o poder adquisitivo dos pensionistas e reforza a cohesión social. O sindicato seguirá defendendo este modelo baseado no diálogo social, a concertación e a protección de dereitos, fronte a quen cuestiona a súa viabilidade e sementan incerteza.

As pensións públicas son un dereito, non un privilexio. E hoxe, os datos acredítano.

UGT PRESENTA UNHA QUEIXA ANTE O DEFENSOR DO POBO POLA FALTA DE DIÁLOGO SOCIAL E A AUSENCIA DUNHA POLÍTICA FISCAL ESTRUTURAL SOBRE O SMI

O sindicato valora que o Goberno alcanzase un acordo para que, en 2025, o SMI quede exento de IRPF pero denuncia que este foi adoptado sen oír aos sindicatos

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) presentou este mércores unha queixa formal ante o Defensor do Pobo para denunciar a exclusión dos interlocutores sociais na decisión do Goberno sobre a fiscalidade do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) e a ausencia dun marco normativo estable e garantista, o que se explicitou na forma na que se chegou a un acordo "in extremis" entre os Ministerios de Facenda e de Traballo.

UGT valora que, finalmente, o Goberno alcanzase un acordo para que, en 2025, o SMI quede exento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF). Esta medida evitará que as persoas traballadoras con ingresos máis baixos vexan mermada a súa renda neta. Con todo, o sindicato denuncia que este acordo foi adoptado sen oír aos sindicatos nin apertura de diálogo social, a pesar do requirimento feito neste sentido ás autoridades fiscais españolas, cumprindo as obrigacións constitucionais e do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE), de respecto aos interlocutores sociais.

Ademais, o sindicato advirte que o acordo non garante que sucederá en exercicios fiscais posteriores, nin aborda a necesaria reforma estrutu-



ral sobre o tratamento fiscal dos salarios, en especial en comparación coas rendas de capital.

Na queixa presentada este mércores, solicitamos ao Defensor do Pobo que inste o Goberno a:

1. Garantir un marco xurídico estable que asegure a exención do IRPF para as rendas equivalentes ao SMI mentres non alcance, polo menos, o 60 % do salario medio conforme á Carta Social Europea.

2. Establecer un procedemento institucionalizado de consulta e diálogo social para abordar calquera decisión relativa ao tratamento fiscal dos sala-

rios, do SMI e/o as rendas máis baixas.

3. Reformar a estrutura do IRPF para evitar que as rendas salariais máis baixas soporten tipos marxinais excesivos e garantir a progresividade fiscal establecida no artigo 31 da Constitución Española.

Desde UGT lembramos que a política fiscal debe ser un instrumento ao servizo da xustiza social e a redistribución da riqueza, e esiximos que o diálogo social e o respecto aos interlocutores sociais recollidos no art. 7 da Constitución sexan elementos centrais en calquera decisión que afecte aos dereitos económicos e sociais da clase traballadora.